

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 27 DE NOVEMBRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en estradas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito antigo da PO-400 (Salvaterra-Filgueira) que conecta coa PO-400 no seu p.q. 37 + 020 marxe esquerda e no seu p.q.: 37 + 630 marxe esquerda, cunha lonxitude de 766 metros a prol do Concello de Crecente.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se regula a inspección de comercio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta da Costa.



ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Santiago de Compostela para a execución dun aparcadoiro disuasorio na Ponte pedriña, cofinanciado con fondos Feder no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 por un importe total de oitocentos corenta e un mil cento noventa e catro euros e quince céntimos (841.194,15 euros). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autorizan a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello da Rúa (Ourense) para a "obra de adecuación e clausura do vertedoiro controlado de residuos inertes" por importe de catrocentos sesenta e nove mil oitocentos oitenta e tres euros con noventa e sete céntimos (469.883,97 euros). Tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a modificación e prórroga dos contratos de acordo marco para a subministración sucesiva de gases medicinais e mantemento das centrais de gases e do sistema de almacenamento e distribución automático de nitróxeno líquido, por un importe total de nove millóns cento oitenta e catro mil oitocentos vinte e seis euros con noventa e catro céntimos (9.184.826,94 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre as actuacións da Unidade de Policía Adscrita (UPA) na Campaña da uva 2014.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a Axenda da competitividade industrial. Galicia: Industria 4.0.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre a celebración do Día das Usuarias e dos Usuarios das Bibliotecas e o Día da Ilustración, e a súa incorporación ao Calendario do libro e da lectura 2015.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de actualización da consulta telefónica do Servizo Galego de Saúde.



A XUNTA APROBA O DECRETO QUE GARANTE A INCLUSIÓN DE CANALIZACIÓNS PARA AS TELECOMUNICACIÓNS EN TODOS OS PROXECTOS DE ESTRADAS IMPULSADOS POLO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

- *É o primeiro decreto da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia*
- *Esta medida axilizará a implantación das redes de telecomunicación no territorio, reducindo os custos asociados á obra civil, que supoñen ata un 80% do importe total dos despregamentos*
- *Os operadores poderán facer uso destas canalizacións a cambio do pagamento dunha taxa polo uso do dominio público*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regula a inclusión de infraestruturas de telecomunicacións en todo os proxectos de estradas promovidas polo sector público autonómico.

Este decreto é o primeiro desenvolvemento normativo da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, que estableceu o marco legal necesario para garantir un despregamento áxil, ordenado, eficiente e respectuoso co ambiente das infraestruturas de telecomunicacións.

Reducir custos, aproveitar sinerxías

Esta medida impulsará o desenvolvemento das redes públicas de telecomunicación no territorio, facilitando que estas redes cheguen a máis poboación ao reducir os custos asociados á obra civil de telecomunicacións, que supoñen un 80% do importe total dos despregamentos.

A inclusión destas infraestruturas na fase de execución das obras públicas, non ten un impacto relevante nos orzamentos públicos. Unha vez executada a obra, os operadores poderán facer uso destas canalizacións a cambio do pagamento dunha taxa polo uso do dominio público.

Trátase, en definitiva, de impulsar o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións aproveitando a sinerxía dos proxectos de construción de novas estradas autonómicas logrando un aforro en tempo e investimento.

Estableceranse as necesidades específicas previamente

Co fin de que as infraestruturas que se incorporen nas estradas sexan as máis axeitadas, o decreto prevé un procedemento de coordinación cos operadores de telecomunicacións de tal xeito que, antes de iniciarse a execución da obra, estes



manifesten cales son as necesidades de infraestruturas que teñen nos diferentes tramos da estrada proxectada.

Así, as canalizacións e espazos a reservar estarán axustados as demandas dos operadores. Para facilitar e axilizar este intercambio de información cos operadores o decreto establece un procedemento de comunicación electrónica.

Cómpre sinalar que a administración autonómica se obriga a instalar un número mínimo de condutos de telecomunicacións independentemente da demanda actual co fin de poder atender as demandas que poidan xurdir no futuro.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en base as súas competencias en materia de impulso das tecnoloxías da información e as comunicacións, será a encargada de xestionar as relacións entre os operadores e os promotores simplificando a coordinación entre eles e procesando toda a información que se intercambia.

Ámbito de actuación

O decreto aplicarase a autoestradas, autovías, vías de alta capacidade e estradas convencionais que se constrúan de novo ou se desdobre; proxectos que inclúan a execución de trazados de características especiais (viadutos, pontes, etc.) e estradas que se remodelen nun tramo de cando menos 5 quilómetros e esa remodelación supoña modificar o seu trazado ou abrir gabias.

Unha Lei que evita duplicidades e facilita os despregamentos

A Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, é o instrumento legal para superar as deficiencias históricas que ten Galicia en materia de telecomunicacións.

Entre outras medidas, a lei establece, como recolle o decreto, a inclusión de canalizacións de telecomunicacións nas obras públicas autonómicas ou a previsión de fixar como obrigatoria a incorporación de infraestruturas de fogar dixital en vivendas de nova construción. Ademais, na lei enmárcanse outras medidas clave como fomentar o uso compartido de infraestruturas por parte dos operadores

Máis de 221 millóns de euros en infraestruturas de telecomunicacións

Desde 2010 o Goberno galego vén realizando un importante esforzo no despregamento redes de telecomunicación, que se traduce hoxe en día nun 97% de galegos con cobertura de internet (71% en 2009) e 1,4 millón de persoas con acceso a redes de 100Mbps.

Esta evolución é o resultado das medidas do Plan de banda larga da Xunta que contou cun investimento público-privado de 221 millóns de euros nos últimos catro anos.



A XUNTA DE GALICIA TRANSFIRE, A PROL DO CONCELLO DE CRECENTE, UN TREITO DA ESTRADA SALVATERRA-FILGUEIRA, NO NÚCLEO DE REBORDECHÁN

- ***Trátase dun tramo antigo da estrada Salvaterra-Filgueira (PO-400), que conecta coa PO-400 no seu p.q. 37 + 020 e no 37 + 630, cunha lonxitude de 766 metros***
- ***A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG)***
- ***O Concello de Crecente deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos terreos sobrantes, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade dun treito antigo da estrada Salvaterra-Filgueira (PO-400), ao seu paso polo núcleo de Rebordechán, a prol do Concello de Crecente.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, unha vez emitidos todos os informes necesarios e avaliadas as condicións desta solicitude realizada polo Concello de Crecente, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade do treito antigo da PO-400 Salvaterra-Filgueira que conecta coa PO-400 no seu p.q. 37 + 020 e no seu p.q. 37 + 630, cunha lonxitude de 766 metros.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.


A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

O Concello de Crecente, a partir da formalización da entrega, deberá asumir todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos terreos sobrantes, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular dos terreos.

En aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013 do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Crecente deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír o cambio de titularidade ao que se refire o presente decreto. Así



mesmo, deberá levar a cabo as actuacións necesarias ante os organismos oficiais correspondentes para regularizar a titularidade do terreo adxacente obxecto de cesión.



O PRIMEIRO PLAN DE INSPECCIÓN COMERCIAL BUSCA MELLORAR A CALIDADE DO COMERCIO GALEGO E O SERVIZO AOS CONSUMIDORES

- *Trátase dunha das medidas recollidas no novo decreto aprobado polo Consello da Xunta co que se desenvolve regulamentariamente o papel da inspección de Comercio*
- *O vindeiro ano incidirase na información sobre a normativa e a corrección dos incumprimentos, con campañas centradas nas promocións de vendas; prezos e medios de pagamento; devolución de produtos; feiras de oportunidades e horarios comerciais*

A Consellería de Economía e Industria porá en marcha en 2015 o primeiro Plan anual de inspección comercial, unha das medidas recollidas no novo decreto polo que se desenvolve regulamentariamente o papel da inspección de comercio de Galicia que aprobou hoxe o Consello da Xunta, coa cal se busca mellorar a calidade do comercio galego e o servizo aos consumidores neste eido.

O Plan de inspección para 2015 incidirá na información e asesoramento aos comerciantes sobre a normativa comercial, así como na corrección dos incumprimentos. Para iso poñeranse en marcha distintas campañas de información sobre normativa comercial, nas cales os establecementos terán un prazo para emendar as infraccións detectadas e de control do cumprimento da normativa. Estas últimas estarán centradas nas promocións de vendas (rebaixas, liquidacións e descontos); os prezos e os medios de pagamento; a devolución de produtos; os horarios comerciais e as feiras de oportunidades.

O decreto aprobado hoxe, que foi consultado co sector e cos principais axentes implicados, desenvolve o papel da inspección de Comercio, regulada por primeira vez na Lei 13/2010 do comercio interior de Galicia e regula as competencias, funcións e prerrogativas dos inspectores.

A posta en marcha de plans anuais de inspección é unha das principais novidades, co obxectivo de maximizar a eficacia e eficiencia da actividade inspectora, e de potenciar igualmente a actuación que vén desenvolvendo a inspección de Comercio na súa vertente de apoio e asesoramento ao sector; así como no seu labor preventivo para corrixir determinados incumprimentos e mellorar aspectos da súa actividade en beneficio das persoas consumidoras.

Ademais, o desenvolvemento dos plans anuais de inspección permite facer fincapé no control daqueles aspectos da normativa comercial en que poida existir un maior grao de incumprimento, o que redunda nunha maior seguridade xurídica de todos os axentes do sector e das persoas consumidoras e usuarias.



Tamén se realizarán maiores verificacións do cumprimento das subvencións. En total agárdase chegar a 1.000 establecementos ao longo do ano.



A XUNTA DE GALICIA APROBA A DELIMITACIÓN DEFINITIVA DO CAMIÑO DE SANTIAGO DO NORTE, RUTA DA COSTA

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao trazado desta ruta e o seu territorio histórico, garantindo así a conservación dos lugares, edificios e paraxes polos que transcorre*
- *O Camiño de Santiago do Norte, ruta da Costa, pasa polos concellos de Ribadeo, Barreiros, Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Abadín, Vilalba, Begonte, Guitiriz, Friol, Vilasantar, Sobrado, Boimorto, Arzúa e O Pino*
- *A Consellería de Cultura e Educación cumpre co seu compromiso de avanzar na posta en valor das rutas xacobeas*
- *Nos últimos catro anos o Goberno galego ten aprobado o trazado definitivo do Camiño Francés; o Camiño Inglés; e o Camiño de Santiago do Norte, ruta do Interior*

Santiago, 27 de novembro de 2014.- O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe deu o visto e praxe ao Decreto polo que se aproba a delimitación definitiva do Camiño de Santiago do Norte, ruta da Costa, unha medida que garantirá unha mellor protección dos lugares, edificios e paraxes polos que discorre esta ruta histórica recoñecida na Lei 3/1996, de protección dos Camiños de Santiago.

O Decreto inclúe a inscrición da ruta da Costa no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia coa categoría de territorio histórico; ao tempo que se notifica aos concellos afectados pola delimitación que deberán incorporar o seu trazado e o ámbito do seu territorio histórico aos seus planeamentos urbanísticos, así como a necesidade da autorización previa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para as intervencións que se realicen no devandito ámbito.

O Camiño de Santiago do Norte, ruta da Costa pasa polos concellos de Ribadeo, Barreiros, Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Abadín, Vilalba, Begonte, Guitiriz, Friol, Vilasantar, Sobrado, Boimorto, Arzúa e O Pino.

Ademais da ruta da Costa dentro do Camiño de Santiago do Norte, nos últimos catro anos o Goberno galego ten aprobado o trazado definitivo do Camiño Francés; o Camiño Inglés; e a ruta do Interior do Camiño de Santiago do Norte. Ademais, a Xunta aprobou e os tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela. Deste xeito, a Consellería de Cultura e Educación reforza o seu compromiso de avanzar na posta en valor das rutas xacobeas.

Antecedentes históricos

Tal como reflicte a documentación histórica, a ruta da Costa mantivo unha especial vitalidade ata o século XVIII, xa que era a elixida por peregrinos que chegaban desde



Francia, ou a través dos portos vascos e cántabros de países como Inglaterra, Flandes, Alemaña e Escandinavia, que seguían os trazados das rutas do Norte do Camiño de Santiago, especialmente vinculados ás peregrinacións tamén á Cámara Santa de Oviedo.

A delimitación da ruta que agora se aproba remóntase a estudos previos iniciados nos anos 90, completados con traballos documentais e de campo, etnográficos e antropolóxicos que permitiron elaborar unha proposta fundamentada e coherente cos principios de protección e conservación do patrimonio cultural. Esta proposta foi sometida a informe do Pleno do Comité Asesor do Camiño de Santiago, que a aprobou por unanimidade en 2013.

Período de alegacións

Posteriormente pasou o trámite de exposición pública, período no cal se presentaron un total de 130 alegacións que os servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural analizaron nos seus aspectos culturais e normativos, e foron contestadas e notificadas de xeito individual. Froito deste proceso e a información e xustificación achegada polos interesados estimouse conveniente incorporar algunhas modificacións en determinados ámbitos, o que confirmou a utilidade do proceso de información pública.

As modificacións incorporadas afectaban aos termos municipais de Ribadeo, Mondoñedo, Abadín, Begonte e Boimorto. Non obstante, apenas supuxeron pequenas variacións tanto do trazado coma do seu territorio histórico, xa que se trataba de pequenos axustes de carácter local e puntual.



A XUNTA INVISTE MÁIS DE 840.000 EUROS NA EXECUCIÓN DUN APARCADOIRO DISUASORIO EN SANTIAGO QUE CONTRIBUIRÁ A SOLUCIONAR OS PROBLEMAS DE TRÁFICO E POTENCIARÁ O TRANSPORTE PÚBLICO

- ***A actuación ten por obxecto o acondicionamento dun espazo non urbanizado na zona da Ponte pedriña, para destinalo a aparcadoiro***
- ***O aparcadoiro estará formado por dúas zonas diferenciadas, separadas pola rúa escultor Camilo Otero. Disporá de 184 prazas para vehículos (5 delas serán prazas reservadas a persoas de mobilidade reducida), ás cales se engaden 26 prazas para motocicletas***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Santiago de Compostela para a execución dun aparcadoiro disuasorio na Pontepedriña, por un importe de algo máis 840.000 euros. A actuación ten por obxecto o acondicionamento dun espazo non urbanizado nesta zona para destinalo a aparcadoiro.

Esta actuación, que se levará acabo a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), está encamiñada a solucionar un dos problemas máis significativos da capital compostelá como é a falta de espazo para aparcarse e a intensidade de tráfico, con esta solución liberarase de vehículos particulares das rúas da cidade, logrando unha mellor mobilidade e facilitando así que os cidadáns se movan no transporte público.

Así, producirase unha mellora das condicións de mobilidade e accesibilidade das persoas ao promover infraestruturas que faciliten o intercambio entre modos de transporte e potencien a utilización de medios de transporte públicos e os desprazamentos menos contaminantes, co que se logra un beneficio na calidade de vida da cidadanía, con contornas urbanas seguras e mellor integradas co ambiente.

Actuacións que se van realizar

A área da que estamos a falar executarase nunha parcela proposta polo Concello compostelán e situarase baixo o viaduto do ferrocarril, moi próxima á estación do tren e nas inmediacións do nó de Cornes, entre a SC-20 e a glorieta de Galuresa, polo que conta cunha boa conexión coa rede viaria e ferroviaria de Santiago. Trátase dun espazo que xa estaba a ser utilizado de forma habitual coma aparcadoiro, aínda que de forma non regulada.

O aparcadoiro estará formado por dúas zonas diferenciadas, separadas pola rúa escultor Camilo Otero. Disporá de 184 prazas para vehículos (5 delas serán prazas reservadas a persoas de mobilidade reducida), ás cales se engaden 26 prazas para motocicletas.



A superficie ocupada polas prazas de aparcadoiro é a máxima que permite o planeamento urbanístico do Concello de Santiago de Compostela, unha vez realizada xa a modificación puntual correspondente. O deseño foi realizado de xeito que a infraestrutura acade a mellor integración ambiental no contorno, moi próximo ao río Sar e ao parque do Restollal.

Como aspectos salientables, no relativo á urbanización, cómpre sinalar que se se prevé a colocación de zonas verdes na parte central e na contorna do aparcadoiro, e que se proxecta a implantación de arboredo autóctono no ámbito do aparcadoiro, o cal mellora o paisaxismo da zona. Para o seu mantemento, instalárase unha rede de rega automática ao longo de toda a zona de verde con difusores e aspersores.

Así mesmo, proxéctase un pavimento permeable, técnica de drenaxe urbana sustentable que permite reducir os efectos negativos da actuación no réxime hidrolóxico e a calidade das augas e iluminárase a parcela con sistemas de iluminación *led* de baixo consumo.



Para evitar as posibles caídas de balastro procedentes da vía férrea sobre a zona do aparcadoiro, instalárase un valo de protección ao longo do viaduto do tren.

A actuación complementábase co acondicionamento da parada de bus situada na rúa de Amor Rubial baixo o viaduto do ADIF, que irá acompañada cun aumento do largo da beirarrúa na zona de parada, e a mellora da iluminación da contorna, coa finalidade de potenciar no posible a mobilidade e a utilización de medios de transporte colectivos.

Coa sinatura do convenio, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asumirá os compromisos de licitar, executar, dirixir e financiar as obras, segundo o proxecto redactado e aprobado por este organismo, e de financiarlas ata un máximo de 841.194,15 euros (100%) con anualidade en 2015.

Pola súa banda, o Concello de Santiago de Compostela porá á disposición da AXI os terreos necesarios libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado para a execución das obras; obterá os permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias e asumirá, unha vez realizadas as obras, a titularidade da infraestrutura e, polo tanto a súa explotación, mantemento e conservación.





A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 470.000 EUROS NA CLAUSURA DUN VERTEDOIRO CONTROLADO DE RESIDUOS NO CONCELLO DA RÚA

- ***Esta antiga instalación atópase nunha parcela preto da estrada OU-933, que une A Rúa coa Roblido, aproximadamente a 2 km da primeira localidade***
- ***O vertedoiro esgotou a súa capacidade e permanece inactivo na actualidade, polo que se debe acometer a súa clausura en condicións de seguridade ambiental de acordo coa normativa de referencia na materia***
- ***Parte dos residuos industriais serán trasladados ao novo vertedoiro, situado a uns 600 metros do antigo, mentres que outra parte, a máis compactada e integrada na instalación que se vai clausurar, será recolocada e selada no lugar***
- ***O obxectivo desta actuación é evitar a vertedura incontrolada de residuos, rexenerando a zona afectada, de xeito que quede integrada de novo no medio para beneficio dos cidadáns***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello da Rúa para a obra de clausura do vertedoiro controlado de residuos por un importe de 469.883 euros.

Este proxecto centrarase na selaxe do antigo vertedoiro da Rúa, e no traslado dunha parte dos residuos ao novo vertedoiro construído pola Xunta no ano 2010, explotado dende aquela data polo concello ourensán. Cabe citar que as novas instalacións se atopa a uns 600 metros do antigo vertedoiro.

O obxectivo desta actuación é evitar a vertedura incontrolada de residuos, ao tempo que se reducen os potenciais riscos para a saúde pública, a paisaxe e o medio ambiente. Ademais, esta actuación permitirá rexenerar a zona afectada, de xeito que quede integrada de novo no medio para beneficio dos cidadáns.

Cómpre lembrar que este vertedoiro para residuos inertes da Rúa foi proxectado no ano 1999 pola daquela Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, no marco do Plan para construción de vertedoiros para residuos da construción e demolición, co fin de dotar o Concello dunha instalación de xestión e eliminación para este tipo de residuos.

O vertedoiro que se vai clausurar está situado nunha parcela preto da estrada OU-933, que une A Rúa coa Roblido, aproximadamente a 2 km da primeira localidade. Esta instalación ocupa unha superficie de 8.812 m², englobada nunha parcela municipal de aproximadamente 15.000 m².

Estas instalacións, que xa esgotaron a súa capacidade, permanecen inactivas na actualidade, polo que se debe acometer a súa clausura en condicións de seguridade



ambiental de acordo coa normativa de referencia na materia (Real decreto 1481/2001, de 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiros). Tal e como se explicou anteriormente, parte dos residuos industriais inertes serán trasladados ao novo vertedoiro, mentres que outra parte, a máis compactada e integrada no vertedoiro que se vai clausurar, será recolocada e selada no lugar.

A actuación de selaxe do vertedoiro esgotado concíbese como unha recuperación ambiental do espazo que ocupa e da súa contorna, e como accións máis destacadas comprende a retirada de voluminosos, o reacondicionamento e recolocación de residuos ou a recuperación da topografía do terreo. Outras accións destacables son a restauración mediante cobertura de solos e implantación de cuberta vexetal e a integración ambiental e paisaxística.



SANIDADE REDUCIU NUN 15% O GASTO EN GASES MEDICINAIS NO ÚLTIMO ANO

- ***A Consellería de Sanidade prorroga o contrato da subministración de gases medicinais e mantemento das centrais de gases por dous anos***

O Consello da Xunta autorizou a modificación e a prórroga nos contratos de acordo marco para a subministración sucesiva de gases medicinais e mantemento das centrais de gases e do sistema de almacenamento e distribución automático de nitróxeno líquido. Este contrato, formalizado en 2012 por un importe total de 9.184.826,94 euros foi prorrogado por dous anos.

En 2013 o gasto en gases medicinais da Consellería de Sanidade reduciuse en máis de 800.000 euros, un 15% respecto do gasto en 2012, e a previsión é que o gasto en 2015 e 2016 sexa aínda menor do actual.

Esta actuación contribúe á sustentabilidade do sistema sanitario público galego reduce e o custo dos contratos.

Modifícanse os contratos co obxecto de diminuír o importe do mantemento das centrais de gases en 96.185,43 €, durante os dous anos de prórroga propostos, o que representa un 1% de mellora respecto do importe de adxudicación do contrato con IVE. Ademais modifícanse as melloras inicialmente adxudicadas que non son susceptibles de repetirse, cun resultado positivo de 39.580 euros (sen IVE) en actuacións vinculadas ao contrato.



A POLICÍA AUTONÓMICA REMATA A CAMPAÑA DA UVA DESTE ANO CON PRETO DE 3.000 ACTUACIÓNS NA COMUNIDADE GALEGA

- ***A campaña consistiu na inspección e control dos movementos e comercialización da uva de vinificación, tanto de procedencia galega como de fóra***
- ***Por provincias, na que houbo máis actuacións foi na de Lugo, con 967; seguida da Coruña, con 858; Pontevedra, con 631, e finalmente Ourense, con 454 actuacións***
- ***O dispositivo da campaña estivo activado entre os días 15 de setembro e 15 de outubro nas catro provincias galegas***

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a actividade da Policía Autonómica en relación coa Campaña da uva 2014, durante a cal se efectuaron 2.910 actuacións, que derivaron en 63 denuncias remitidas á Consellería do Medio Rural e do Mar, na súa maioría por carecer de documentación relativa ao transporte ou tela incorrecta.

A campaña da uva 2014 estivo activada entre o 15 de setembro e 15 de outubro e consistiu na inspección e control dos movementos e comercialización da uva de vinificación en Galicia, tanto a procedente do ámbito galego, coma a doutras comunidades autónomas e de Portugal, sempre co obxectivo de coñecer o grao de cumprimento da normativa dentro do sector vitivinícola.

A Policía Autonómica, en colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar, iniciou no ano 2010 estas campañas de inspección do documento de acompañamento que imponen as disposicións comunitarias para o transporte de uva de vitinificación, e que constitúe unha fonte de información moi útil para as autoridades encargadas de velar polo respecto das normas do sector, tanto comunitarias coma estatais.

Como vén sucedendo en anteriores campañas, os obxectivos deste ano foron a inspección de transportes procedentes doutras comunidades autónomas, o control de transportes procedentes de produtores e vendedores radicados en Galicia e a supervisión de establecementos e puntos de venda de uva de vinificación.

Por provincias, na que houbo máis actuacións foi na de Lugo, con 967; seguida da Coruña, con 858; Pontevedra, con 631, e finalmente Ourense, onde se realizaron 454 actuacións. No que respecta ás denuncias interpostas pola Policía Autonómica, 39 foron na provincia de Ourense, 19 na de Lugo, 4 en Pontevedra e 1 na provincia da Coruña, debido a irregularidades detectadas tanto a transportistas coma a establecementos e particulares.

Esta campaña é unha das moitas que a Policía Autonómica desenvolve en colaboración con outros departamentos da Xunta de Galicia para favorecer o control e a inspección de determinadas actividades que poden supoñer en ocasións unha ameaza para a



lexítima competencia en sectores concretos, así como para os consumidores finais nalgúns dos casos.

Ademais destes tipo de campañas, a Policía Autónoma leva a cabo tarefas de prevención, investigación e control de incendios forestais, furtivismo, control e seguimento da violencia de xénero, investigacións ambientais; relacionadas tamén coa sanidade animal, caza e pesca fluvial; seguridade e intervención; e investigación en materia de menores e familia.



A XUNTA DESEÑA A AXENDA PARA MODERNIZAR A INDUSTRIA GALEGA E CREAR 50.000 EMPREGOS ATA O ANO 2020

- ***A través de 5 eixos de actuación e 60 medidas específicas a axenda Galicia-Industria 4.0 busca unha industria competitiva, diferenciada e xeradora de emprego de calidade***
- ***A estratexia, que será consensuada cos axentes económicos antes da súa aprobación definitiva, aspira a incrementar o peso da industria galega no PIB en 6,5 puntos ata acadar o 20% no ano 2020***
- ***Persegue modernizar a industria a través da innovación, o establecemento de novas fórmulas de produción, a fabricación de produtos diferenciados e de calidade e a fixación de tecido industrial***
- ***Aposta polo equilibrio entre o reforzo dos sectores tradicionais e o impulso dos emerxentes así como pola diversificación de produtos***
- ***Para facilitar a actividade industrial, promoverase solo industrial accesible a través de rebaixas no mesmo que chegan ata o 50% do custo do metro cadrado***
- ***Crearase o programa Fábrica Intelixente que, a través dun concurso, financiará os mellores proxectos presentados dentro do marco da Industria 4.0.***
- ***Impulsarase unha liña de apoios que priorizará os proxectos orientados cara á Fábrica Intelixente, así como axudas para impulsar que as empresas gañen tamaño***
- ***Fomentarase a hibridación multisectorial de cara a facilitar o aproveitamento das sinerxías entre sectores favorecendo a súa competitividade***
- ***Activaranse aceleradoras de innovación nas catro provincias galegas e se impulsarán focos de emprendemento industrial mediante plans operativos***

O impulso da competitividade industrial configúrase como un eixo fundamental no desenvolvemento da política económica do Goberno galego de cara a fixar tecido industrial en Galicia consolidando o crecemento. Neste contexto, o Consello da Xunta coñeceu hoxe Galicia - Industria 4.0, a Axenda da Competitividade Industrial Galega, que establece as pautas para modernizar a industria co obxectivo de crear 50.000 novos empregos de calidade durante este período.

Esta Axenda, que será consensuada nas próximas semanas cos axentes implicados, suma 60 medidas específicas que se desenvolverán a través de 5 eixos de actuación: factores territoriais de competitividade, persoas e organizacións, crecemento, innovación e mercados. Deste xeito, perséguese incrementar o peso da industria no PIB en 6,5 puntos ata acadar o 20% no ano 2020.

Co desenvolvemento da Axenda, a Xunta aspira a modernizar a industria galega a través da innovación, establecendo novas fórmulas de produción que melloren a súa competitividade, e impulsando a fabricación de produtos diferenciados e de calidade.



Desta forma, fixarase tecido industrial con capacidade para recuperar o emprego e xerar novos postos de traballo.

Para acadar estes retos, a Axenda aposta polo equilibrio entre o reforzo dos sectores tradicionais e o impulso dos emerxentes así como pola diversificación de produtos. Facilitarase ademais a hibridación multisectorial, que supón a interconexión de sectores distintos na procura de aproveitar as sinerxías entre eles para mellorar a súa competitividade no mercado global.

A axenda ten unha clara orientación sectorial co obxectivo tanto de reforzar sectores estratéxicos da economía galega –agroalimentario, automoción, naval, forestal ou téxtil-, como de impulsar outros emerxentes e de maior valor engadido, como o aeronáutico, o biotecnolóxico ou as TIC.

Deste xeito, búscase consolidar en Galicia a denominada Industria 4.0, composta por fábricas intelixentes, automatizadas, flexibles, interconectadas, sostibles e sociais, que conta con espazos compartidos entre humanos e máquinas, e outorga máis responsabilidades ás persoas, máis cualificadas e ben formadas, capaces de xestionar eficientemente os novos ámbitos produtivos.

Solo industrial accesible

Entre as principais medidas que recolle a Axenda destaca as facilidades promovidas para o acceso ao solo industrial. En concreto, o documento prevé unha rebaixa no custo do metro cadrado de solo industrial de ata o 50% para aqueles parques empresarias ubicados nas Zonas Impulsa –Ourense, Ferrolterra, Lugo e Costa da Morte-, así como para os concellos fronteirizos con Portugal. Ademais, establécese unha rebaixa do 30% no resto de parques salvo os das áreas urbanas, que contarán cun desconto do 15% -Mos, Ponte Candelas, Santiago e Morás-.

Así mesmo, e tamén no tocante ao entorno competitivo, apoiarase un sistema formativo que aposte pola Formación Profesional Dual ao tempo que se crea un mecanismo de vixilancia do entorno normativo.

Impulso da Fábrica Intelixente

No eido do crecemento, a Axenda contempla a activación de novos programas de financiamento entre os que destaca unha liña de apoios que priorizará os proxectos orientados cara á Fábrica Intelixente, así como axudas para impulsar que as empresas gañen tamaño.

Ademais, entre as principais medidas está a activación do programa Fábrica Intelixente, que, a través dun concurso, financiará os mellores proxectos presentados dentro do marco da Industria 4.0. Esta iniciativa complementarase coa creación de



aceleradoras de innovación nas 4 provincias galegas e a posta en marcha de novos programas para a captación dos fondos Horizonte 2020 e Cosme. Ademais, porase o foco no impulso da hibridación intersectorial de cara a facilitar o aproveitamento das sinerxías entre sectores favorecendo a súa competitividade.

Co obxectivo de detectar e impulsar novas oportunidades comerciais activarase un Programa de Intelixencia Competitiva que facilitará a vixilancia de mercados, e se impulsarán *business factories*, focos de emprendemento industrial, mediante plans operativos sectoriais.

Por último, no tocante aos novos mercados e vinculado directamente co desenvolvemento da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega, se potenciarán os procesos de relocalización e de integración de cadeas de valor, así como o papel de Galicia como plataforma loxística no tráfico de mercadorías.

A Axenda se está a definir de modo coordinado e complementario coa promovida polo Goberno central, atendendo tamén á Estratexia de Renacemento da Industria para unha Europa Sostible – RISE.



CULTURA E EDUCACIÓN PROMOVE A CELEBRACIÓN DO DÍA DAS USUARIAS E USUARIOS DAS BIBLIOTECAS E DO DÍA DA ILUSTRACIÓN

- ***As dúas datas incorpóranse ao Calendario do libro e da lectura de Galicia, elaborado pola Consellería para impulsar a conmemoración das principais efemérides e datas máis significativas vinculadas ao libro e á lectura***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria informou hoxe o Consello da Xunta da incorporación do Día das Usuarias e Usuarios das Bibliotecas e do Día da Ilustración ao Calendario do libro e da lectura de Galicia. Con esta medida, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad busca poñer en valor os servizos bibliotecarios e recoñecer a actividade creativa dos profesionais da ilustración, ao tempo que se enriquece o calendario coas principais efemérides e datas conmemorativas vinculadas ao libro e á lectura.

Segundo a proposta analizada hoxe polo Consello, o Día das Usuarias e Usuarios das Bibliotecas celebrarase o 11 de xaneiro en lembranza do día do inicio da actividade da Biblioteca de Galicia - no ano 2011- cabeceira e referente da Rede de bibliotecas públicas de Galicia. O obxectivo é poñer de relevo a importancia do servizo bibliotecario en relación coa cidadanía, ademais de favorecer a visibilidade da Rede de Bibliotecas de Galicia como instrumento para facilitar a actividade lectora entre os galegos e as galegas.

Esta proposta responde, así mesmo, a unha realidade na cal os avances tecnolóxicos, a planificación e coordinación e a formación especializada lles permitiron ás entidades de lectura pública da nosa Comunidade acadar un servizo enormemente rápido e eficaz, tanto no que atinxe á procura de materiais de lectura, á súa identificación e localización e ao seu acceso, por parte da persoa usuaria, como ao asesoramento e á participación activa na actividade da biblioteca.

No caso do Día da Ilustración, a data proposta foi o 30 de xaneiro en conmemoración do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, como figura primordial desta arte. Coa inclusión desta conmemoración no Calendario do libro e da lectura recoñécese o desenvolvemento particular da ilustración como actividade profesional en Galicia, onde a unha tradición de xeniais artistas gráficos lle sucede no noso tempo un gremio situado na vangarda mundial, con sinaturas que acadan repercusión importante no plano internacional. Así mesmo ponse en valor a importancia desta disciplina no marco das actividades que compoñen o sector editorial.

O Calendario do Libro e da Lectura de Galicia, elaborado anualmente para lle dar cumprimento ao estipulado na Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e a lectura de Galicia, ten como obxectivo promover na sociedade a celebración de actividades



arredor das principais efemérides e datas conmemorativas vinculadas ao libro e á lectura. A edición de 2015 será distribuída co gallo do Día das Librarías, o vindeiro 20 de novembro.



OS MÉDICOS DE ATENCIÓN PRIMARIA DO SERGAS ATENDERON UN MILLÓN DE CONSULTAS TELEFÓNICAS

- ***No último mes realízanse 24.000 consultas non presenciais cada semana***
- ***Unicamente o 0,26% das chamadas se derivan á consulta presencial***
- ***Grazas a esta iniciativa, os pacientes resollen o seu problema de saúde sen desprazarse***

Os facultativos de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde (Sergas) atenderon 1 millón de consultas telefónicas desde a súa implantación a principios de decembro do 2013.

No último mes atendéronse unhas 24.000 consultas telefónicas cada semana co médico de familia, o que indica un continuo crecemento na utilización do sistema. Ademais, as enquisas de satisfacción cubertas por pacientes e profesionais amosaron uns resultados positivos na valoración desta modalidade.

Segundo os últimos datos, a Xestión Integrada de Vigo é a que recibe unha maior porcentaxe de citas telefónicas (11,4%), e o médico de familia que máis atende a través deste sistema está no centro de saúde de Castrelo de Miño-Barral, na provincia de Ourense.

Doutra banda, o 9% do total de consultas solicitadas soluciónanse, actualmente, de xeito telefónico e, no ano que leva en funcionamento este servizo, a media de consultas telefónicas que se levan a cabo é dun 7,34%.

Ademais, unicamente o 0,26% das chamadas se derivan á consulta presencial, o que significa tanto o bo uso que se fai do sistema por parte do paciente, como a alta capacidade resolutiva do profesional sanitario a través desta vía.

Grazas a esta iniciativa, os pacientes resollen o seu problema de saúde sen desprazarse, e son atendidos polos profesionais coas mesmas condicións como se se tratase dunha consulta presencial.

Desde o pasado mes de marzo, o servizo ampliouse ás áreas de Pediatría, Matronas, Enfermaría, Traballo Social, Odontoloxía e Hixiene Dental.

Funcionamento

A consulta telefónica consiste en ofrecer a posibilidade, á elección do paciente, de realizar a atención sanitaria por medio do teléfono a quen solicite unha consulta. Se o paciente elixe esta modalidade de atención solicítaselle, un número de teléfono onde quere recibir a consulta. Deste xeito, o médico ponse en contacto co paciente no



número indicado para atendelo, deixando rexistrados os datos na historia clínica electrónica.

Ademais, se o facultativo o considera adecuado, poderá realizar a correspondente prescrición a través da receita electrónica, o que lle permite ao paciente acudir directamente á farmacia a recoller os medicamentos. Isto é posible grazas aos sistemas de información existentes no Servizo Galego de Saúde que integran a información de atención primaria e hospitalaria e que están conectados a todas as oficinas de farmacia.

Doutra banda, se o médico considera durante a atención telefónica que o motivo da consulta non pode ser resolto por teléfono, proporcionáselle ao paciente de xeito inmediato unha cita para atención presencial.

